

Expediente núm: 1429/2023

Procedemento: Contratacións

Asunto: CONTRATO ADMINISTRATIVO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRAS DE "INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE BIOMASA EN PAVILLÓN MUNICIPAL (LOTE 1) E CAMPO DE FÚTBOL DE A MATA (LOTE 2)"

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Rosal, a 11 de outubro de 2023.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial do Rosal, ás 8h 34min, constitúese a Mesa de Contratación relativa ao contrato administrativo mixto de subministro e obras de "Instalación de caldeira de biomasa en pavillón municipal (Lote 1) e campo de fútbol de A Mata (Lote 2)", integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Ánxela Fernández Callís como Presidenta, D. Fernando Vicente Solla, Arquitecto técnico municipal, D. Carlos Prieto Fernández, Secretario do Concello, D. David Aragunde Arppe, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. María Xosé Álvarez Diego, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación procede á apertura do Sobre A: Documentación administrativa e documentación correspondente á proposta avaliábel mediante criterios que precisen un xuízo de valor (Criterios non avaliábeis mediante fórmulas)

En relación ao LOTE 1 (Pavillón municipal), a Mesa comproba, en primeiro lugar, se a declaración responsable presentada por todos os licitadores e incluída neste arquivo é correcta e contén tódalas manifestacións esixidas.

As proposicións son as seguintes:

- Sapel Renovables SL (CIF: B27838655)
- Manuel Alfonso Sousa Instalacións S.L.U. (CIF: B36472561)

En este caso a declaración responsable é correcta en tódolos casos, incluíndo a inscrición nos Rexistros de Licitadores; mais en relación á memoria relativa aos criterios non avaliábeis mediante fórmulas, obsérvase que o arquivo presentado pola mercantil Sapel Renovables SL non é posible abrilo, polo que se lle require á mesma a que o aporte.

Recíbese mediante rexistro de entrada do Concello do Rosal un documento por parte de Sapel Renovables SL o cal dí entre outras que "*Renunciamos a seguir con el procedimientu en ambos lotes y no nos oponemos a que continúe la mesa de contratación con el procedimientu.*"

Tendo en conta o que antecede, a Mesa de contratación procede a aceptar soamente



a oferta de Manuel Alfonso Sousa Instalacións S.L.U. (CIF: B36472561) e aceptando a renuncia de Sapel Renovables SL (CIF: B27838655).

A continuación procédese a solicitar ao técnico proxectista un informe de valoración relativo á memoria aportada por Manuel Alfonso Sousa Instalacións S.L.U. (CIF: B36472561) neste LOTE I.

SEGUNDO.- En relación ao LOTE 2 (Campo d fútbol de A Mata), a Mesa comproba, en primeiro lugar, se a declaración responsable presentada por todos os licitadores e incluída neste arquivo é correcta e contén tódalas manifestacións esixidas.

As proposicións son as seguintes:

- Sapel Renovables SL (CIF: B27838655)
- Manuel Alfonso Sousa Instalacións S.L.U. (CIF: B36472561)

E neste caso a declaración responsable é correcta en tódolos casos, incluíndo a inscrición nos Rexistros de Licitadores; mais en relación á memoria relativa aos criterios non avaliados mediante fórmulas, obsérvase que o arquivo presentado pola mercantil Sapel Renovables SL non é posible abrilo, polo que se lle require á mesma a que o aporte.

Recíbese mediante rexistro de entrada do Concello do Rosal un documento por parte de Sapel Renovables SL o cal dí entre outras que *“Renunciamos a seguir con el procedimiento en ambos lotes y no nos oponemos a que continue la mesa de contratación con el procedimiento.”*

Tendo en conta o que antecede, a Mesa de contratación procede a aceptar soamente a oferta de Manuel Alfonso Sousa Instalacións S.L.U. (CIF: B36472561) e aceptando a renuncia de Sapel Renovables SL (CIF: B27838655).

A continuación procédese a solicitar ao técnico proxectista un informe de valoración relativo á memoria aportada por Manuel Alfonso Sousa Instalacións S.L.U. (CIF: B36472561) neste LOTE II.

Tendo en conta todo canto antecede, a Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 10h 30min.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

